

3.- ANIMACIÓN Á LECTURA:

O PETRÓLEO E AS CONSECUENCIAS DO SEU USO NO MEDIO AMBIENTE

Trátase dunha proposta de lectura para tódolos niveis educativos, tomando como punto de partida a catástrofe do Prestige, combinado con libros que teñen como transfondo as guerras orixinadas polo afán de controlar os recursos petrolíferos no mundo.

O/A profesor/a debe proporcionar aos alumnos/as unha ficha-guía de traballo, na que se proporcionarán non só as pautas para a realización dun traballo de investigación, senón tamén datas e normas de presentación.

Nos caso dos máis cativos os traballos estarán compostos basicamente de debuxos e actividades sinxelas (unir con frechas, encher ocos, ...) No caso dos rapaces de secundaria e bacharelato tentarase fomentar a investigación entre os/as alumnos/as, tomando como punto de partida a novela histórica seleccionada. É un bó xeito de que busquen e seleccionen material, tanto nas bibliotecas coma en Internet.

PROPOSTAS DE LECTURA, ATENDENDO AOS DISTINTOS NIVEIS

INFANTIL/PRIMEIRO CICLO PRIMARIA:

CARREIRO, Pepe: Os Formigón no Comité Ambiental. Auga e enerxía 3. A Nosa Terra. Promocións Culturais Galegas, S.A. Axenda 21 escolar. Vigo, 2004 [ISBN: 84-96403-06-8]

[Tenta concienciar das pequenas medidas ecolóxicas a adotar nas vivendas]



CARREIRO, Pepe: ... que é a enerxía. A Nosa Terra. Os Bolechas queren saber... nº 2. Vigo, 2002. [ISBN: 84-96203-11-5]

[Pequeno conto sobre a enerxía empregadas nas nosas cidades, renovables ou non renovables.]

CARREIRO, Pepe: Marea negra. Ed. A Nosa Terra. Contos do Miño. Vigo, 2003. [ISBN: 84-95350-77-7]

[O naufraxio dun barco petroleiro enche o mar de alcatrán. A vida das gaivotas está ameazada, pero os animais dunha granxa da ribeira bótanse ao mar a socorrelas]



VARIOS: ¡NUNCA MÁIS!. A ollada da infancia. Ed. Kalandraka. Pontevedra, 2003. [ISBN: 84-8464-188-0]

[Conto, poemas, actividades e debuxos que plasman a visión dos cativos sobre a catástrofe do Prestige]




SEGUNDO CICLO PRIMARIA:

COPPÉE, Benoît: Los tres secretos del medio ambiente. Dirección General de Medio Ambiente. Comisión Europea. Bruxelles, 2001 [ISBN:92-894-1710-2]

[Pequeno conto que ten coma protagonistas á raposa Lila e Tom, un neno que se perde no vertedoiro de cidade-Merlín... E un conto sobre a contaminación das nosas cidades e a necesidade de reciclar e de utilizar correctamente os recursos, incluído os enerxéticos]

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín: A praia da esperanza. Ed. Xerais de Galicia. Merlín, nº 140. [ISBN: 84-9782-068-1]

[Conto sobre o afundimento do petroleiro Prestige e a marea negra que provocou, a través dos ollos dunha nena, Raquel, e a buguina que recolleu na praia]



TERCEIRO CICLO PRIMARIA:

FERNÁNDEZ, Norberto: Dina e os recuperadores. A'21 Eixo. Eixo Atlántico. Xunta de Galicia.

[Cómics sobre o aproveitamento enerxético e a contaminación nas cidades...]

CARIDE, Ramón: A negrura do mar. Ed. Xerais. Colección Merlín, nº 143. Vigo, 2004. [ISBN: 84-9782-213-7]

[Said e Sheila relatan unha viaxe do 2076 polo Océano Atlántico por mor dunha alarma medioambiental, unha posible marea negra, que os leva a viaxar ao 2002, cando afundiuse o Prestige]



1º/2º/3º EDUCACIÓN SECUNDARIA

CARBALLUDE, Pepe: S.O.S. Ed. Galaxia. Costa Norte, nº 12. Vigo, 2000. [ISBN: 84-8288-179-5]

[Un barco con materiais contaminantes embarranca na Costa da Morte. O suceso provoca unha psicose colectiva e unha sensación de catástrofe ecolóxica. Neste marco descorre a historia de amor de dous mozos]



LEIRO LOIS, Adela; DAPORTA PADÍN, Mon: A Enerxía. Enciclopedia Temática Ilustrada, Volume 9. A Nosa Terra. Vigo, 2002 [ISBN: 84-95350-53-X]

[Interesante manual, tanto para mestres/as; profesores/as, como alumnas/os para traballalas distintas fontes de enerxía. Boa información tanto fotográfica como documental]

VEIT, Barbara: ¡Peligro!. Playa Radiactiva. Ed. Espasa Juvenil nº 8. Madrid, 1997. [ISBN: 84-239-8854-6]

[Un sospeitoso bidón, cun alto índice de radiactividade, aparece na costa. Ao momento, un equipo de Greenpeace e a oficina Alemana de Medio Ambiente pónense na procura]

de información, a situación complicase cando no seu interior atopan o cadáver dun home...]

4º CURSO EDUCACIÓN SECUNDARIA

WESTALL, Robert: Cielo negro sobre Kuwait. Ed. Alfaguara. Madrid, 1995. [ISBN: 84-204-4824-9]

[Novela ambientada na 1º Guerra do Golfo, que reflexiona sobre o absurdo da guerra. Permite reflexionar sobre a importancia do petróleo nas últimas décadas do século XX e primeira do s. XXI.]

BACHARELATO:

TORO, Suso de: Nunca máis Galiza á intemperie. Ed. Xerais. Colección Crónica. Vigo, 2002 [ISBN: 84-8302-932-4]

[Crónica do primeiro mes da marea negra orixinada polo Prestige]



PROPOSTA EXEMPLO MODELO FICHA TRABAJO INVESTIGACIÓN DOS LIBROS

LIBRO: S.O.S.

AUTORA: Pepe Carballude

EDITORIAL: Ed. Galaxia, Costa Oeste nº 12

CURSO: 3º E.S.O.

DATA DE ENTREGA:

- 1.- Resume o argumento da novela, en non máis de 10 liñas.
- 2.- Cales son os tres personaxes máis importantes do libro? Descríbeos.
- 3.- Con que acontecemento comeza a novela?
- 4.- Con cal remata?
- 5.- Quen é o seu autor/a? Pequena biografía
- 6.- A que se debe o título da novela?
- 7.- Traza un mapa con tódolos lugares mencionados no libro.
- 8.- Describe as características físicas e paisaxísticas da Costa da Morte. ¿Por qué recibiu ese nome? Conta a historia dalgún famoso barco que se afundira nas súas costas.
- 9.- No libro fala da revista “Medulio” ¿Qué importancia ten na historia? Tenta averiguar qué é xeográfica e historicamente o “Medulio” ¿Qué pasou alí?
- 10.- Localiza tódolos refráns e ditos populares empregados no libro e explícaos.
- 11.- Elaboura un vocabulario con termos específicos da vida no mar e vencellados a cargos políficos.
- 12.- Averigua onde de agochan os residuos radioactivos no mundo. ¿Que industrias producen en maior cantidade este tipo de residuos? Posibles solucións a este problema.

PROPOSTA EXEMPLO MODELO EXAME LIBRO e A SÚA CORRECCIÓN

EXAME DO LIBRO: ¡Peligro! Playa Radiactiva.

AUTORA: Bárbara Veit

EDITORIAL: Espasa Juvenil nº 8.

DATA:

- 1.- Con que feito comeza a novela?
- 2.- Cal era o oficio e cargo de Philip Sternberg?
- 3.- A que organización ecoloxista apoiou? ¿Por que o chamaron a el?
- 4.- Quen era o capitán do "Lila de la Costa"?
- 5.- Quen era Carla Baran?
- 6.- Que ríos se mencionan na novela? ¿En que país se desenvolve a historia?
- 7.- Quen era o Comisario Brinkmann?
- 8.- Cita os barcos dos ecoloxistas mencionados. ¿Que ocorreu co máis famoso deles?
- 9.- A que foi Carla a París? ¿Que logrou alí?
- 10.- Que era JUIST? ¿Que atoparon alí?
- 11.- Cal era a verdadeira historia de Britta?
- 12.- Que atoparon no areal das focas?
- 13.- Define "De Panne".
- 14.- Quen era Hassan al Adr? ¿Cal era a súa historia?
- 15.- Quen era Chevalier?
- 16.- Que era "El Eve"?
- 17.- Con que acontecemento remata a historia?
- 18.- Como resolveron o misterio do bidón?

EXAME DO LIBRO: ¡Peligro! Playa Radiactiva.

AUTORA: Bárbara Veit

EDITORIAL: Espasa Juvenil nº 8.

DATA:

1.- Con que feito comeza a novela? **Coa aparición dun bidón flotando, a punto de ser embestido por un barco camiño de Hamburgo.**

2.- Cal era o oficio e cargo de Philip Sternberg? **Comisario na Central de Medio Ambiente alemana.**

3.- A que organización ecoloxista apoiou? ¿Por que o chamaron a el? **Greenpeace. Porque facía 6 anos colaborara activamente neste organización.**

4.- Quen era o capitán do "Lila de la Costa"? **Piet.**

5.- Quen era Carla Baran? **Compañeira de Sternberg na Central de Medio Ambiente. Dirixiu a operación do barril.**

6.- Que ríos se mencionan na novela? ¿En que país se desenvolve a historia? **Elba, Alster e Sena. Basicamente Alemaña/Holanda, Francia, Bélxica.**

7.- Quen era o Comisario Brinkmann? **Policía criminalista.**

8.- Cita os barcos dos ecoloxistas mencionados. ¿Que ocorreu co máis famoso deles? **Lila de la Costa e Rainbow Warrior. Este último foi afundido cando os ensaios nucleares de Francia no Atolón de Mururoa.**

9.- A que foi Carla a París? ¿Que logrou alí? **A buscar a lista de clientes que mercaban á empresa Securité Fr. Conqueriron a lista mediante unha orde xudicial.**

10.- Qué era JUIST? ¿Que atoparon alí? **Unha illa do mar do Norte, nas illas Frisonas. Atoparon argazos que marcaban 55.000 Becquerel (alta radiactividade) medido co contador Geiger.**

11.- Cal era a verdadeira historia de Britta? **Tiña 16 anos e fuxira da súa casa**

ante os malos tratos dos seus pais. Fora acollida por Greenpeace.

12.- Que atoparon no areal das focas? **Un novo bidón.**

13.- Define "De Panne". **Pequena cidade e nome da empresa na fronteira franco-belga, alí ubicada, cunha pranta de reciclado nuclear.**

14.- Quen era Hassan al Adr? ¿Cal era a súa historia? **Nome do marroquí que aparecera morto no interior do barril. Leía sobre as centrais nucleares e traballou en varias delas, o que levouno a protestar en varias ocasións pola problemática existente nelas. Cando traballaba en Panne prodúxose unha fuga de auga de Plutonio e contaminouse. Así descubriu que a auga contaminada ía o mar e decidiu facelo público. Os donos da fábrica quixeron asustalo pero pasóuxelles a man e asasináronno. Para borra-la súa existencia, metéronno no barril e destruíron tódalas súas pertenzas.**

15.- Quen era Chevalier? **Persoa que contrataba ós traballadores de De Panne entre tunecinos, arxelinos e marroquís.**

16.- Que era "El Eve"? **Local onde se reunían os traballadores de En Panne. Un café-club de alterne.**

17.- Con que acontecemento remata a historia? **Oito semanas despois do descubrimento. Pechada a planta de reciclaxe; dous xefes de departamento e o director acusados de incitación ó asasinato; acusáronnos de contaminar as augas do mar de Bélxica; Greenpeace acadou de novo presenza na prensa, xenerando manifestacións; potenciaron o turismo, salvo o Eve que debeu pechar.**

18.- Como resolveron o misterio do bidón? **Cunha etiqueta da roupa que acompañaba ó morto; cunha lista roubada en Francia; con outra de Greenpeace; co segredo dos periodistas e a axuda dos ecoloxistas, os seus colegas franceses e a perspicacia dos dous protagonistas.**